

Examen adaptado

Nombre y apellidos:

Fecha:

1. **Le** atentamente este texto.

Rubén estaba moi ledo porque os carpinteiros acababan de lle poñer no cuarto un armario deses que chaman encaixados. Para el, aquilo foi como se tivese un xoguete novo, así que, en canto os carpinteiros marcharon, foi correndo abrir o armario novo.

Cando se fartou de abri-lo e cerralo, meteuse dentro e pechou as portas. Mirou arredor: todo estaba escuro. Ou non? Un pouquiño máis lonxe pareceulle ver unha fenda de luz. Sen pensalo dúas veces, Rubén botou a andar cara a aquela luciña.

Ao achegarse, viu que se trataba dunha porta entreaberta que deixaba pasar a luz de fóra. Empurrou amodiño: alí, sentado no chan, había un meniño xogando cuns tacos de madeira. Rubén deuse de conta de que aquel non era o seu cuarto, aquel rapaciño éralle totalmente descoñecido.

Xabier P. Docampo: *O armario novo de Rubén*, Edicións Xerais.

2. **Ordena estas oracións** para resumir a historia:

- ☐ Non coñecía de nada a aquel rapaciño.
- ☐ Rubén meteuse dentro do armario encaixado.
- ☐ Os carpinteiros fixeron un armario novo no cuarto de Rubén.
- ☐ Abriu a porta do armario e apareceu no cuarto dun meniño.
- ☐ Viu unha luz ao fondo e botou a andar cara a ela.

3. **Contesta** estas preguntas:

1. Como se chama o protagonista da historia?

.....

2. Que ten de especial o armario novo do seu cuarto?

.....

3. Con que xogaba o meniño que encontrou no cuarto

descoñecido?.....

.....

4. **Subliña a resposta correcta:**

Como é un armario *encaixado*?

Un armario feito con caixas.

Un armario que se constrúe aproveitando un oco da parede.

Un armario con caixóns.

Un armario que non se pode abrir.

5. Imaxina o que ocorre no cuarto do meniño e cóntao brevemente.

.....

.....

.....

.....

6. Escribe un antónimo (contrario) para cada palabra:

Ledo..... escuro

Novo.....fóra.....

Pechou.....Descoñecido.....

7. **Separa** o suxeito do predicado nesta frase:

Os carpinteiros marcharon.

8. Subliña o **núcleo do suxeito**

Os carpinteiros marcharon.

9. Subliña o **núcleo do predicado**

Os carpinteiros marcharon.

10. Substitue o suxeito por outro que se che ocorre e escribe a oración

.....

11. Ponlles **acento gráfico** ás palabras que o precisen:

espertador	durmiñon
------------	----------

comoda	estrela
--------	---------

pesadelo	pure
----------	------

bisavo	portal
--------	--------